

Conto popular: “Os consellos do corvo”

Un corvo vello antes de sacar os fillos do niño dáballes algúns consellos para queoubesen andar polo mundo sen gran perigo.

-Mirade -dicíalles-: cando vexades vir un home, escapade porque se vos colle mátavos. Se vedes que trae un pao ferreño, escapade, aínda que o home estea lonxe, pois aínda non ben fai “chape” xa no cu che bate. Se vedes que se baixa para coller unha pedra, tamén, porque con ela mátavos tamén de lonxe.

-E se a trae no peto? –dixo o corviño máis pequeno.

-Ti pódeste ir –contestoulle o pai- que xa sabes máis ca min.

1.- Completa o cadro con palabras do conto:

PALABRA	SIGNIFICADO
	Especie de leito que fan as aves para depositar os seus ovos.
	Opinión que alguén dá sobre cómo se deben facer as cousas.
	Pao de árbore de madeira durísima.
	Saquiño que se cose na roupa para gardar nel cousas.

2.- Busca na lectura os sinónimos de:

ancián..... fuxide..... risco.....

acubillo..... azoutar..... ollade.....

3.- Escribe os antónimos (contrarios) de:

novo..... ignorasen.....ningúns.....

preto..... deixa.....vinde.....

4.- Emparella cada ave co seu son característico:

a galiña

o corvo

o xílgaro

a pomba

o moucho

o pito

pía

gralla

cacarexa

mouchea

rula

rechouchía

5.- Barullo de letras: busca 12 nomes de paxaros:

V	O	I	T	R	E	L	G	G	J	R	A	C	S	C
Ñ	P	O	P	L	H	E	F	D	A	A	G	S	P	U
F	A	N	T	A	D	T	C	E	G	O	Ñ	A	A	R
A	S	D	D	N	O	I	K	H	G	V	C	S	G	U
M	S	S	S	S	A	C	V	B	M	D	D	H	L	X
V	R	A	F	M	O	U	C	H	O	F	G	B	N	A
F	H	L	B	F	I	G	O	L	D	A	B	M	S	F
O	F	L	G	T	A	Ñ	A	P	A	T	E	O	R	B
A	S	A	A	B	L	H	A	U	B	M	O	P	S	J
R	P	P	L	C	G	A	R	T	T	A	I	U	G	A
A	O	S	I	O	C	A	N	T	O	G	A	T	O	M
S	M	A	M	R	V	A	C	A	M	O	S	C	A	E
E	B	P	G	V	A	B	E	L	M	A	B	E	L	R
R	I	C	A	O	M	O	S	C	P	E	G	A	R	O
E	R	A	R	P	A	T	A	D	A	N	R	B	O	N
A	O	R	A	G	L	I	X	A	T	O	M	L	L	N
A	N	I	M	A	L	X	U	R	E	L	O	A	O	L
V	S	A	R	D	I	Ñ	A	M	E	X	I	S	M	O

6.-Adiviñas:

a) “Dorme de día, vela de noite, froita de vidro, cando rebrilla todo descobre” _____

b) “Unha cousiña, cousa, que nace no monte, no monte se cría, e cando chega a casa cachea as esquinas”
